

Bloque 1 Cuestión 4. A MONARQUÍA VISIGODA

O Imperio Romano viviu desde o século III grandes movementos migratorios de pobos xermánicos (ou "bárbaros" como os denominaban os romanos), que avanzando desde o leste presionaban nas fronteiras do Imperio. Estas migracións contribuíron ó fin do Imperio no 476.

Os suevos, vándalos e alanos foron os primeiros pobos xermánicos que penetraron na Península Ibérica no 411. Hispania seguía sendo nominalmente unha provincia romana, pero os suevos asentaron na Gallaecia, os vándalos na Baética e os alanos dispersáronse pola Lusitania e a Cartaginensis.

Tras a caída do Imperio romano de Occidente (476), os visigodos crearon o seu propio reino no sur da Galia e parte de Hispania e estableceron a capital en Tolosa (a actual Toulouse, no sur de Francia). Pero, tras ser derrotados polos francos (batalla de Vouillé en 507), tiveron que abandonar as terras ó norte dos Pireneos e situar a súa capital en Toledo.

Entre o 509 e o 568 os visigodos afianzaron a súa presenza na Península Ibérica, aínda que o reino visigodo non se consolidou ata a época de Leovigildo (569-586).

Formación do Estado. Para consolidar o reino visigodo, Leovigildo favoreceu a unión entre hispanorromanos e visigodos, propiciou a uniformidade lexislativa e relixiosa e levou a cabo unha serie de campañas militares co fin de someter ós diversos pobos hispanos: acantou dos vascóns no seu territorio, anexionou o reino suevo (noroeste da Península), iniciou a conquista dos territorios do sueste peninsular controlados polos bizantinos (expulsados por Suintila) e contivo ós francos.

Unidade xurídica. Con Leovigildo puxéronse as bases da unidade xurídica: os mesmos xuíces para as dúas comunidades (visigoda e hispanorromana), aínda que mantendo códigos distintos, e autorización de matrimonios mixtos. Pero será con Recesvinto (en 654) cando se produza a fusión dos códigos no **Liber Iudiciorum** ou Fuero Juzgo, baseado nos principios do Dereito romano. O código supuxo a unificación xurídica entre hispanorromanos e visigodos.

Unidade relixiosa. Os visigodos convertéranse ó arrianismo (relixión cristiá non admitida polo Papa de Roma) na súa estadía no leste de Europa, pero a poboación hispana era cristiá romana. Os conflitos relixiosos remataron coa renuncia de Recaredo, e boa parte da nobreza visigoda, ó arrianismo (III Concilio de Toledo de 589) e a aceptación do catolicismo como relixión oficial do reino.


A estrutura do aparello estatal: A institución máis importante era a **Asemblea de Homes Libres**, na que residía o poder do reino, que se entregaba a un rei elixido por eles. Esta monarquía electiva implicaba que os reis tiñan que contar co respaldo da nobreza e provocaba inestabilidade política e disputas entre candidatos e bandos nobiliarios. Os monarcas intentarán reforzar o seu poder fronte á nobreza, pero a monarquía se mantivo electiva, aínda que cun número reducido de electores (principais nobres e bispos).

O rei gobernaba con axuda dun **Officium Palatinum**, composto de dous órganos: a **Aula Regia** ou Consello Real, órgano consultivo asesor do rei formado pola aristocracia visigoda, e os **Concilio de Toledo**, asembleas de bispos onde se ditaban normas morais e prescricións políticas. Deste xeito, a Igrexa converteuse en lexitimadora da monarquía (alianza do trono e do altar).

Integraban o **Officium Palatinum**: os **Comes** (encargados do tesouro rexio, da administración das terras, da recadación de impostos...), os **Duces** (delegados do rei nas provincias) e os **Gardingos** (xefes militares). Os membros do Oficio Palatino acabarán conformando unha nobreza hereditaria que monopoliza os altos mandos do reino.

Pese ós intentos por fortalecer o Estado, os visigodos non conseguiron establecer unha monarquía estable e forte. A debilidade do estado visigodo: inseguridade, decadencia económica (ruralización; concentración da propiedade da terra en mans da aristocracia; debilidade do comercio, da minería, da artesanía...) e sobre todo a inestabilidade política (enfrentamentos entre bandos nobiliarios) e o feble poder real (non posúen medios para controlar o territorio – os homes libres encoméndanse ós nobres a cambio de protección – e recorren a pactos de fidelidade e axuda militar coa nobreza a cambio de recompensas – prefeudalismo –) explican o rápido derrube do reino visigodo e da conquista do territorio polos musulmáns, que chegaron á Península no 711.

Invasións xermánicas no século IV e V



Reino visigodo de Tolosa e de Toledo

